

Plan de Igualdade

CIFP AS MERCEDES

Curso: 2024 - 2025

Índice

1	INTRODUCCIÓN	3
2	CONTEXTO NORMATIVO.....	3
3	ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO.	4
	3.1 Contexto do CIFP	4
	3.2 Análise DAFO	8
4	Obxectivos coeducativos e medidas concretas de actuación a curto e longo prazo.	9
5	Propostas de visibilización e difusión.....	12
6	Medidas de seguimento, avaliación, revisión e mellora do plan.	12
	ANEXO I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO.....	12

1 INTRODUCCIÓN

A Administración educativa galega presenta, a través do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, o Plan de Igualdade no ámbito educativo co obxectivo de impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións.

Así mesmo, o VIII Plan Estratéxico de Igualdade 2022-2027 recolle diversas liñas de actuación a ter en conta dentro do contexto educativo. En concreto:

- As mulleres na ciencia e na investigación.
- Educación para a igualdade e prevención das violencias contra as mulleres.
- Intervención para a erradicación da violencia de xénero.

A partir destes referentes abordamos no noso centro a elaboración do Plan de Igualdade que se centra na coeducación e na prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal e que recolle de xeito sistemático as medidas que se desenvolverán nas diferentes áreas do ámbito educativo do centro dirixidas á comunidade educativa, nomeadamente ao alumnado e ao profesorado.

Unha vez desenvolta a diagnose, que nos permitirá entender o punto de partida, será preciso dar a resposta adecuada, para o que teremos que ir establecendo prioridades de acordo coas necesidades detectadas no estudo de diagnose. Deste xeito xustifícase a elaboración deste plan de igualdade no noso centro de ensino, como forma estruturada e planificada de responder ante unha realidade analizada cara a consecución dun proxecto enmarcado na coeducación e de acordo cos obxectivos formulados neste eido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2 CONTEXTO NORMATIVO

Este plan de igualdade circunscríbese no seguinte marco normativo.

Normativa estatal:

- Constitución española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Na que se establece como principio da educación no artigo 1 “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Normativa autonómica

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina, no seu artigo 3.2, que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

- O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- VIII Plan Estratégico de Igualdade 2022-2027.

3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

3.1 Contexto do CIFP

As instalacións do CIFP As Mercedes están situadas na parte sueste da cidade de Lugo, na saída con dirección Madrid. Situado nun dos emprazamentos de maior crecemento urbanístico na última década, a zona dispón de grandes avenidas, zonas verdes e espazos recreativos e multitude de puntos de interese social e cultural. A pouca distancia atópanse o Campus Universitario, a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio de Música e Escola de Danza, espazos deportivos (piscinas municipais e pavillón universitario) así como a Comisaría de Policía Local. A cidade conta cunha poboación que supera os 98.000 habitantes, segundo os datos de 2023 do Instituto Nacional de Estatística.

O CIFP As Mercedes de Lugo, forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia, formado por 28 centros, e no que se desenvolven accións formativas de formación profesional inicial ou regrada, e formación para o emprego, así como os procedementos de acreditación de competencias.

Os datos do centro son:

Nome do centro: CIFP As Mercedes.

Dirección: Avenida de Madrid, 75 C.P. 27002. Lugo Tfno.:982 82 80 01 Fax: 982 25 04 29

Correo electrónico: cifp.asmercedes@edu.xunta.gal

A) CIFRAS ALUMNADO

Na cidade de Lugo a maioría das familias teñen un nivel modesto de renda e viven, fundamentalmente, das actividades relacionadas co sector servizos ou co sector primario, pois a provincia de Lugo vive principalmente da agricultura e gandería. Por outra banda, na cidade, hai dous polígonos nos que se atopan un gran número de empresas con ingresos de facturación altos. No ámbito da nosa Comunidade hai empresas que son modelos de xestión e desenvolvemento empresarial.

O alumnado do centro educativo provén na súa maior parte de centros da propia cidade aínda que tamén parte importante desprázase dende os concellos limítrofes da provincia. Así mesmo, debido a que na oferta educativa dos últimos cursos existen ciclos que non se imparten en ningún outro centro da comunidade galega, contamos con alumnado doutras provincias.

O alumnado que provén de zonas rurais é moi significativo, o que normalmente favorece a integración xa que a maioría do alumnado non se coñece ao principio do curso ao proceder de centros distintos e encóntranse no centro educativo onde se van relacionando e vaise creando un ambiente moi cordial por norma xeral. Dita orixe do ámbito rural achega elementos moi positivos ao poñer de manifesto que o alumnado ten uns valores de constancia e traballo propios dos traballos familiares.

O alumnado matriculado no centro no curso 2024-2025 ascende a 1024 matrículas das que 749 correspóndense con alumnos e 275 con alumnas. A distribución por familia profesional sería a seguinte:

COMERCIO E MARKETING			
Ciclos Medios	Homes	26	51%
	Mulleres	25	49%
Ciclos Superiores	Homes	135	43%
	Mulleres	179	57%
Curso de Especialización	Homes	12	39%
	Mulleres	19	61%

INSTALACIÓN E MANTEMENTO			
FP Básica	Homes	24	92%
	Mulleres	2	8%
Ciclos Medios	Homes	30	97%
	Mulleres	1	3%
Ciclos Superiores	Homes	90	93%
	Mulleres	7	7%

ENERXÍA E AUGA			
Ciclos Superiores	Homes	44	96%
	Mulleres	2	4%
Curso de Especialización	Homes	11	92%
	Mulleres	1	8%

TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS			
FP Básica	Homes	26	100%
	Mulleres	0	0%
Ciclos Medios	Homes	133	93%
	Mulleres	10	7%
Ciclos Superiores	Homes	188	88%
	Mulleres	26	12%
Curso de Especialización	Homes	30	91%
	Mulleres	3	9%

B) CIFRAS PROFESORADO

No referente ao profesorado podemos recoller os seguintes datos:

Comercio e Marketing	Homes	4	21%
	Mulleres	15	79%
Instalación e Mantemento	Homes	9	64%
	Mulleres	5	36%
Enerxía e Auga	Homes	2	40%
	Mulleres	3	60%
Transporte e Mantemento de Vehículos	Homes	27	87%
	Mulleres	4	13%
FOL	Homes	1	17%
	Mulleres	5	83%
Idiomas	Homes	1	20%
	Mulleres	4	80%
HOMES		MULLERES	
44 (55%)		36 (45%)	

C) CIFRAS RELATIVAS AOS NOMEAMENTOS DO CENTRO

EQUIPO DIRECTIVO	
Director	Joaquín Expósito López
Vicedirectora	María Vázquez Armesto
Xefe de Estudos	Ángel Sánchez Dacal
Secretaria	Eva M ^a Fernández do Pico
HOMES	MULLERES
2 (50%)	2 (50%)

XEFATURAS DE DEPARTAMENTO	
Comercio e Marketing	Bermúdez Ponte, Enrique José
Instalación e Mantemento	Juan Carlos Fernández López
Enerxía e Auga	Víctor Manuel Paz Cortiñas
Transporte e Mantemento de Vehículos	María Isabel Tomé López Silanes
FOL	María Nuria Cadórniga Vega

Idiomas	Nuria Prieto Díez
HOMES	MULLERES
3 (50%)	3 (50%)

COORDINACIÓNS E DEPARTAMENTOS NON DIDÁCTICOS	
Coordinadora de Emprendemento	Mónica Rojas Losada
Coordinadora de Innovación e Formación do profesorado	Laura Enríquez Bacia
Coordinador de relacións con empresas	José Luis Gasalla García
Coordinador de TIC	Cristina González Dacal
Xefe do departamento de Calidade	José Félix Méndez Teijeiro
Xefa do DIOP	Mónica Victoria Carballo Ambrunheiras
Coordinadora de Programas Internacionais	Mercedes Álvarez Uría
Coordinador de Acreditacións e Probas	Luis Fernández Pardo
Coordinadora de Lingua Galega	M ^a Pilar Gandoy Domínguez
Coordinadora de Biblioteca	Montserrat Riopedre Díaz
Coordinador de Convivencia e Benestar	Pablo Grande Estevez
Coordinador de programas plurilingües	Pablo Quintela Sotelo
HOMES	MULLERES
5 (42%)	7 (58%)

3.2 Análise DAFO

FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Aumento, nos últimos anos, da presenza feminina entre o profesorado das familias profesionais tradicionalmente máis masculinizadas.	Reconto dun número de alumnos moi superior ao de alumnas nos ciclos das familias profesionais de automoción, instalacións e mantemento e enerxía e auga.	Compromiso da Administración coa promoción de proxectos de coeducación e dos plans de igualdade.	Os ciclos que se desenvolven no centro son de familias profesionais que se asocian tradicionalmente con profesións desempeñadas maioritariamente por homes.
Aumento do número de actividades desenvoltas no centro que potencian a igualdade.	Pouca presenza de mulleres no departamento de Transporte e Mantemento de Vehículos, e de homes no departamento de Comercio e Marketing.	Existencia de entidades externas que poden apoiar o traballo coeducativo.	Existen estereotipos de xénero asociados a determinadas profesións que dificultan o incremento de alumnas matriculadas neses estudos.
Representación paritaria de todos os xéneros na estrutura organizativa.	A linguaxe inclusiva en materia de xénero non está normalizada na totalidade dos documentos de centro.		
O profesorado de nova incorporación conta con formación específica en igualdade.	Aplicación escasa da perspectiva de xénero na aprendizaxe do currículo.		
O centro conta con recursos económicos para a realización de actividades coeducativas.	O centro conta con unha pequena sección específica na biblioteca con lecturas coeducativas.		

4 Obxectivos coeducativos e medidas concretas de actuación a curto e longo prazo¹

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICO	ACTUACIÓNS	ÁMBITO DE ACTUACIÓN	RESPONSABLES
1. Promocionar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	1.1. Seguir mantendo o criterio de paridade-proporcionalidade para tratar que todos os xéneros teñan representación na estrutura organizativa do centro	<ul style="list-style-type: none"> Designación de cargos e nomeamentos do persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> Organización do centro. 	Dirección do centro.
	1.2. Promover un proxecto educativo libre de estereotipos de xénero	<ul style="list-style-type: none"> Revisión e utilización dunha linguaxe inclusiva nos documentos do instituto, circulares informativas, notificacións, programacións, cartelería, RRSS... 	<ul style="list-style-type: none"> Organización do centro. 	Toda a comunidade educativa.
	1.3. Favorecer o emprendemento das mulleres	<ul style="list-style-type: none"> Programación de actividades cos axentes sociais nos que se traballe o emprendemento feminino. 	<ul style="list-style-type: none"> Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. 	Coordinación de emprendemento.
		<ul style="list-style-type: none"> Deseño de cartelería para o viveiro de empresa representando o xénero con menos presenza no sector. 	<ul style="list-style-type: none"> Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. 	Responsable do viveiro do centro.
	1.4. Reducir as fendas de xénero presentes no ámbito educativo	<ul style="list-style-type: none"> Incorporación da perspectiva de xénero nas programacións didácticas, situacións de aprendizaxe ou propostas pedagóxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. 	Profesorado
		<ul style="list-style-type: none"> Utilización de exemplos dos xéneros menos representados na promoción das ensinanzas do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes. 	Profesorado
		<ul style="list-style-type: none"> Programación de actividades cos axentes sociais cos que se traballe a igualdade. 	<ul style="list-style-type: none"> Organización do centro. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar Departamentos didácticos
		<ul style="list-style-type: none"> Celebración de efemérides (25N, 8M, 11F, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> Organización do centro. 	DIOP Departamentos didácticos

¹ As celas remarcadas en azul fan referencia aos obxectivos e actividades a realizar ao longo do curso actual 2024-2025 (ver Anexo 1)

			<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	
2. Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero	2.1. Previr condutas contrarias á convivencia motivadas polo sexo	<ul style="list-style-type: none"> Programación de actividades complementarias para o alumnado para superar as condutas tóxicas nas relacións interpersoais (mitos do amor romántico, masculinidades tóxicas...) 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar
		<ul style="list-style-type: none"> Divulgación de recursos gratuítos para o alumnado que sofre violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar.
		<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado sobre a guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo para a súa posterior aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar.
	2.2. Detectar sinais de alerta da violencia da parella na adolescencia	<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado sobre a guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo para a súa posterior aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar e equipo directivo
		<ul style="list-style-type: none"> Banco de boas prácticas na detección e prevención da violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar e equipo directivo
	3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual	3.1. Abordar a educación afectivo-sexual con perspectiva de diversidade	<ul style="list-style-type: none"> Programación de actividades complementarias para o alumnado que permitan coñecer a diversidade afectivo-sexual. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
<ul style="list-style-type: none"> Divulgación de recursos gratuítos para o alumnado. 			<ul style="list-style-type: none"> Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar
3.2. Actualizar os recursos bibliográficos sobre afectividade sexual		<ul style="list-style-type: none"> Acopio de recursos bibliográficos sobre diversidade afectivo-sexual. 	<ul style="list-style-type: none"> Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. 	Coordinación de biblioteca

4. Previr, detectar e intervir en casos de LGBTIfobia	4.1. Previr condutas contrarias á convivencia motivadas pola orientación sexual	<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado acerca do protocolo de identidade de xénero para a súa posterior aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinación de convivencia e benestar Equipo directivo
	4.2. Previr condutas contrarias á convivencia motivadas pola identidade de xénero	<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado acerca do protocolo de identidade de xénero para a súa posterior aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. 	DIOP Coordinador de convivencia e benestar Equipo directivo

5 Propostas de visibilización e difusión

Unha vez aprobado o Plan de Igualdade do CIFP As Mercedes faise necesaria a súa divulgación e o compromiso de toda a comunidade educativa do centro cara o seu desenvolvemento. Entre as accións que se prevén levar a cabo neste senso podemos sinalar:

- Comunicación do Plan de Igualdade ao profesorado e persoal non docente a través do correo electrónico.
- Difusión a través da Web do CIFP As Mercedes www.cifpasmercedes.org onde estará a disposición de toda a comunidade educativa do centro e de todo o público.
- Campaña de comunicación que inclúe: vídeos, cartelería, calendario, folletos...

6 Medidas de seguimento, avaliación, revisión e mellora do plan.

Comprobarase o seguimento do plan a través dos seguimentos trimestrais de cada cargo ou coordinación. Así mesmo, nas reunións da área de calidade, innovación e orientación trataranse diversas accións do plan cos coordinadores e xefes de departamento.

Finalmente, as propostas de revisión e mellora recolleranse na memoria final que se realizará antes de finalizar o curso.

7 ANEXO I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CURSO

Obxectivo 1:	Manter o criterio de paridade-proporcionalidade para tratar que todos os xéneros teñan representación na estrutura organizativa do centro.	
Indicador asociado	Paridade no número de nomeamentos	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
Equipo directivo: 50% homes e 50% mulleres Xefaturas de departamento: 66% homes e 33% mulleres Coordinacións e departamentos non didácticos: 50% homes e 50% mulleres	Porcentaxe de homes/mulleres nos nomeamentos do centro	Homes 40%-Mulleres 60% ou Homes 60%-Mulleres 40%
Actividade(s) asociada(s)	Designación de cargos e nomeamento do persoal.	
Persoas responsables de actividades	Director	

Obxectivo 2:	Favorecer o emprendemento das mulleres	
Indicador asociado	Obradoiros sobre emprendemento impartidos por mulleres.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
1	Número de obradoiros realizados.	2
Actividade(s) asociada(s)	Programación de actividades cos axentes sociais nos que se traballe o emprendemento feminino.	
Persoas responsables de actividades	Coordinadora de emprendemento	
Persoas destinatarias	Alumnado	
Temporalización	Durante todo o curso	

Obxectivo 3:	Reducir as fendas de xénero presentes no ámbito educativo.	
Indicador asociado	Actividades con axentes externos ao centro nas que se traballe a igualdade.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
2	Número de actividades realizadas	3
Actividade(s) asociada(s)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programación de actividades cos axentes sociais cos que se traballe a igualdade. 	
Persoas responsables de actividades	DIOP Coordinador de Convivencia e Benestar Departamentos didácticos	
Persoas destinatarias	Alumnado	
Temporalización	Ao longo do curso	

Obxectivo 4:	Previr condutas contrarias á convivencia motivadas polo sexo.	
Indicador asociado	Obradoiros e actividades complementarias asociadas a problemas de convivencia motivados polo sexo.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
4	Número de obradoiros realizados	5
Actividade(s) asociada(s)	Programación de actividades complementarias para o alumnado para superar as condutas tóxicas nas relacións interpersoais (mitos do amor romántico, masculinidades tóxicas...)	
Persoas responsables de actividades	DIOP Coordinador de Convivencia e Benestar Departamentos didácticos	
Persoas destinatarias	Alumnado e profesorado	
Temporalización	Ao longo do curso	

Obxectivo 5:	Actualizar os recursos bibliográficos sobre afectividade sexual.	
Indicador asociado	Adquisición de novos recursos para a biblioteca sobre diversidade afectivo-sexual.	
Valor de partida	Medida	Criterio aceptable
3	Número de libros, revistas, xogos adquiridos.	4
Actividade(s) asociada(s)	Acopio de recursos bibliográficos sobre diversidade afectivo-sexual.	
Persoas responsables de actividades	Coordinadora da biblioteca	
Persoas destinatarias	Alumnado e profesorado	
Temporalización	Ao longo do curso	